

SIPO PHANTASMA

[Koldo Almandoz, 2016]

201

TRES ÚNICOS PASES EN NUMAX: 14, 15 E 16 DE FEBREIRO DE 2017 | V.O. | +7

Sipo Phantasma (2016, 69')

Dirección: Koldo Almandoz

Guión: Koldo Almandoz

Son: Laurent Dufreche, Haimar Olaskoaga

Montaxe: Laurent Dufreche

Música: Joserra Senperena, Ignacio Bilbao

Fotografía: Javier Agirre Erauso, Koldo Almandoz

Produtora: Txintxua Films (España)

Distribuidora: Txintxua Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

Narciso, 2016 [curtametraxe]

El último vuelo de Hubert Le Blon, 2014
[curtametraxe]

Ahate pasa, 2010 [curtametraxe]

Amuak, 2004 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Rotterdam 2016 (Sección Oficial),

Donostia 2016 (Zabaltegi)

SINOPSE

Filme de historias e anécdotas sobre vampiros, pantasmas e naufraxios, no que se sitúa a Drácula como centro de todo e menciónase, entre outros, o trío amoroso entre Bram Stoker, a súa dona Florence Balcombe e o seu mozo Oscar Wilde.

«O cualificativo fantasmal do título deste filme de 69 fascinantes minutos non engana: o intanxíbel, misterioso e espectral, percorre os seus distintos capítulos, dun estrañamento superlativo»

Alfonso Rivera, CINEUROPA



SIPO PHANTASMA

[Koldo Almandoz, 2016]

“Interesábame converter a lectura en experiencia cinematográfica”

Entrevista a Koldo Almandoz

Por Manu Yáñez

Cal foi a idea, o lugar ou a imaxe que disparou a creación de *Sipo Phantasma*?

Nun principio tiña a intención de filmar algo puramente observacional nun cruceiro. Mais xa na primeira noite, paseando por cuberta e espazos exteriores completamente baleiros viume a idea dun barco fantasma. Era como se as miles de persoas que habitaban o barco fosen en realidade espectros. A partir de aí como puidesches ver fôiseme un pouco a cabeza.

Ao longo do filme, a figura do barco toma diferentes formas: un simulacro de evasión (o cruceiro), un organismo vivo, un obxecto cinéfilo (en *Nosferatu*), un escenario literario...

Como foi o proceso que te levou até esa noción aberta, expansiva, da idea do barco? A verdade é que non é o resultado dunha reflexión ou plan previo. Foi un proceso bastante intuitivo. A medida que me documentaba e xurdían novas ideas e descubrimentos o barco foise transmutando. E desde o inicio, ao non ter unha idea clara do que ía terminar sendo o filme, propúxenme estar aberto ao que aparece na singradura e a non trazar un destino concreto.

A estrutura por capítulos parece acentuar o sustrato literario da proposta, co *Drácula* de Bram Stoker como texto de cabeceira. Ao mesmo tempo, o vínculo aberto, indirecto, entre algúns dos capítulos evoca as formas do ensaio cinematográfico máis libre. Que te levou até esta estrutura por capítulos?

Así como no proceso de filmación me deixei levar á deriva, a montaxe foi unha constante busca de rumbo. Ao principio tiña unha montaxe sen a estrutura de capítulos e cunha narración moi tipo ensaio. Pero non me convencía. Era moi pedante. Tamén pensei en dotar de voz a Florence Balcombe e que fose ela a narradora

omnisciente do filme, pero non o terminaba de ver. E non me acordo nin cando nin onde, de súpeto vino claro. Decateime de que a forma ideal de narrar o filme estaba alí desde o comezo: a que utiliza Bram Stoker en *Drácula*. Máis que pola estrutura en capítulos, polo uso dunha narración indirecta a través de diarios, cartas, gravacións sonoras, noticias de xornais, etc. Desta maneira a narración é neutra (non hai un só punto de vista nin unha visión omnisciente) e á súa vez, cada carta, diario ou telegrama é unha voz subxectiva.

Paréceme que o uso de textos sobreimpresionados na pantalla dota ao filme dun carácter meditativo. Que te levou a utilizar ese dispositivo?

Por unha banda aseméllase ao cinema pre-sonoro, e unha parte importante deste filme ten a ver co cinema daquela época (*Nosferatu*, imaxes de arquivo). Por outra banda, era a solución formal máis acaída ao tipo de narración escollida. Ademais dálle certa coherencia e unidade a un filme composto por pezas variadas e distintas entre si. E a sensación de converter o texto, a lectura, en experiencia cinematográfica tamén me resultou interesante.

O estudo do fantasmagórico é un dos eixos principais do filme. Unha idea que, para min, acada a súa plenitude no capítulo 8, coa superposición de diferentes fragmentos (de diferentes cores) de *Nosferatu*. Como foi a experiencia de ir superpoñendo diferentes escenas do clásico de Murnau? Esperabas un resultado tan fantasmagórico?

A verdade é que foi das últimas pezas do quebracabezas. Foi a partir do descubrimento das películas tinguidas cando probei a superpoñer as imaxes. Laurent Dufreche, montador do filme, e máis eu buscamos as imaxes e composicións axeitadas para facer a nosa relectura de *Nosferatu*. E está mal que eu o diga, pero para min o resultado é máxico. Curiosamente, esa maxia perdeuse cando lle metín música. Case até a montaxe definitiva o capítulo tiña banda sonora. Mais ao remate do proceso decateime de que era o bosquejo inicial sen son o que realmente funcionaba e tiña ese poder hipnótico.

Publicado en <http://europa.otroscines.com/>
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Drácula, Bram Stoker. Austral

Nosferatu, F.W. Murnau. Divisa [DVD]

Film Socialisme, Jean-Luc Godard
Avalon [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME